



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Lecturas de Literatura Española e Hispanoamericana	Código	613G02048	
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Valcarcel Lopez, Maria Eva	Correo electrónico	eva.valcarcel@udc.es	
Profesorado	Valcarcel Lopez, Maria Eva	Correo electrónico	eva.valcarcel@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Asignatura de carácter práctico na que se levará a cabo unha valoración crítica e estética, así como unha contextualización histórico -filosófica dun corpus de textos literarios seleccionados que se estudarán a partir da elaboración dun comentario de textos. Farase unha introducción metodolóxica que garante ó alumno un bo aprendizaxe por medio dos comentarios propostos.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A5	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.
A7	Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.		B6 B10	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.	A11	B1	
Coñecer e aplicar os métodos de análise de textos narrativos e líricos. Ter capacidade para avaliar criticamente un texto lírico e/ou narrativo. Saber facer relacións interdisciplinares. Coñecer a produción poética y narrativa na lingua española. Adquirir capacidade autónoma de criticar textos literarios e valoralos criticamente. Coñecer as propostas literarias do idioma castelán na pensínsula e en hiapanoamérica.	A1 A2 A15	B5	
Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.	A15	B1 B10	
A asignatura propón unha revisión do pensamento cultural no século XX, partindo do seu fundamento filosófico. Ensinaráse a valorar o pensamento e o exercicio vangardista en conxunto, así como a interdisciplinaridade as suas posibilidades como ferramenta dune coñecemento global do fenómeno vangardista. Ensinaráse a valorar a universalidade da arte e do pensamento.	A2 A5 A15	B7	



O alumno debe saber interpretar modelos culturais e saber as razóns polas que se desenvolven ou fracasan.	A7		
	A11		
	A15		

Contidos	
Temas	Subtemas
Cuestións iniciais Introducción metodolóxica.	O comentario de textos O discurso literario
Poesía moderna e vangardista Poesía actual	Introdución práctica ás poéticas contemporáneas. Comentario teórico e literario de textos seleccionados.
O conto literario moderno.	Introdución práctica ás poéticas do conto literario. Comentario teórico e literario de textos seleccionados.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba mixta	A1 A2 A5 A7 A11 A15	2	22.5	24.5
Discusión dirixida	A1 A2 A5 A11 B6 B7	6	12	18
Sesión maxistral	A7 B10	6	12	18
Actividades iniciais	B7 B10	1	0	1
Obradoiro	A1 A2 A5 A7 A11 A15 B1 B5	16	32	48
Atención personalizada		3	0	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	Consiste na realización de varios comentarios de texto nos que se explicitarán algunhas preguntas e se deixará a liberdade do alumno a selección de outros aspectos salientables e que deben tratarse. A proba incluírá unha mostra das diferentes técnicas que se utilizarán no obradoiro e nas discusións dirixidas.
Discusión dirixida	Partindo dun asunto ou idea para a reflexión proposta polo profesor, os alumnos irán elaborando o seu propio discurso crítico utilizando as ferramentas que lles foron proporcionadas. Deberán defender a súa postura como a adecuada, deberán propor argumentos que a sustenten de xeito científico.
Sesión maxistral	A sesión maxistral serve para fixar a metodoloxía e a contextualización histórico-estética dos textos cos que se traballará no obradoiro e nas discusións dirixidas.
Actividades iniciais	Presentación do contido e avaliación dos coñecementos previos do alumnado, así como avaliación da súa disposición fronte a materia. Valoración das necesidades específicas do alumnado.
Obradoiro	O obradoiro consta dunha serie de exercicios prácticos diversos nos que se persigue o dominio da disciplina mediante a práctica e a metodoloxía. Os alumnos farán comentarios, manipularán textos, farán exposicións e articulacións de ideas con recreación intelectual dos contextos históricos e situacións comunicativas, agás da reflexión estética e a contextualización socio-histórica.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Obradoiro Proba mixta Discusión dirixida	O carácter práctico da materia obriga a poñer a atención na singularidade dos alumnos, por iso en cada unha das metodoloxías, e obrigado ter en conta a diversidade e dispor dun tempo axeitado para poder atendela, tarefa que comprende a explicación detallada do que se persegue e a metodoloxía específica que se consideraría máis axeitada para conseguilo.
--	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A1 A2 A5 A7 A11 A15 B1 B5	Realización de exercicios encamiñados a adquisición dun dominio excelente dos textos literarios dende o punto da creación e da crítica literaria, histórica e estética.  Os exercicios poden ser individuais e colectivos e realizaránse dentro da aula, ou fora dela se fora pertinente.	60
Proba mixta	A1 A2 A5 A7 A11 A15	Resolución de problemas plantexados en exercicios prácticos.	40

Observacións avaliación
Os alumnos deberán acadar unha calificación mínima de 5 en cada unha das probas para poder aprobar a asignatura. Os alumnos que non sexan avaliados positivamente na primeira convocatoria; deberán facer unha nova proba mixta, agás dun traballo individualizado, se o alumno suspendera o obradoiro, dependendo en cada caso das competencias que deba incrementar.  Terase en conta a situación dos alumnos con dispensa académica que deberán informar o profesor da súa condición o inicio do curso. O profesor deseñará un sistema de avaliación que, agás de outras actividades evaluables como prácticas textuais e bibliográficas, incluírá unha proba mixta especialmente formulada para un alumno que non participara nas sesións de obradoiro. A avaliación será simétrica na primeira e segunda oportunidade.  A convocatoria de decembro avaliaráse cunha proba mixta na que se poderá incluír unha práctica de comentario.  Calificaranse con non presentado os alumnos que non entreguen as prácticas do obradoiro e /ou non se presenten a proba mixta.

Fontes de información	
<b>Bibliografía básica</b>	Nesta materia estúdanse de maneira práctica, fragmentos non obras completas. Eses textos extraeranse, principalmente das antoloxías que seguen, e que constitúen a bibliografía da materia. Toda a bibliografía é básica, a selección de bibliografía secundaria farase no obradoiro como traballo de autoformación no que se alcanzará a capacidade de reconecer as aportacións críticas axeitadas para solución dun problema concreto. Las insulas extrañas, Madrid, Galaxía Gutemberg, 2002. Antoloxía de poesía de las letras hispánicas, Madrid, Cátedra, 1998. Cuerpo plural. Antoloxía de la poesía hispanoamericana contemporánea, Madrid, Pretextos, 2010. El cuento hispanoamericano del siglo XX, Madrid, Castalia, 1997. Antoloxía del microrrelato español, Madrid, Cátedra, 2012.
<b>Bibliografía complementaria</b>	

Recomendacións
<b>Materias que se recomenda ter cursado previamente</b>
<b>Materias que se recomenda cursar simultaneamente</b>
<b>Materias que continúan o temario</b>
<b>Observacións</b>



(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías